

O contacto entre linguas

Xulio Sousa.

O contacto entre linguas e variedades lingüísticas é unha constante na historia das comunidades humanas. Na actualidade, no ámbito ibérico dáse contacto entre as linguas orixinarias (galego, castelán, asturiano, portugués, éuscaro, aranés, catalán, aragonés etc.) e entre estas e outras faladas por inmigrantes, os seus descendentes e residentes estranxeiros (romanés, árabe, alemán, wu, quechua etc.). Tamén hai contacto entre as diversas variedades lingüísticas adscritas a cada unha das linguas históricas, pois os idiomas vivos non son entidades homoxéneas, senón conxuntos de variedades sociais, xeográficas, etarias etc. en convivencia e intercambio continuos. En Galicia recoñécese, por exemplo, a existencia dun galego tradicional, dun galego culto (coas súas subvariedades autonomista e reintegracionista), dun novo galego urbano etc.

As situacións de contacto, as súas causas e consecuencias, poden ser analizadas desde moitas perspectivas, xeralmente autónomas pero tamén complementarias. Os sete traballos agrupados neste volume representan enfoques diversos sobre diferentes posibilidades de contacto entre linguas e variedades. Así, o lector atopará estudos de contacto entre linguas próximas que tratan as consecuencias a nivel xeral do contacto do mirandés co portugués e do asturiano co castelán, as repercusións na fonoloxía do galego do seu contacto co castelán, os efectos na sintaxe do castelán do seu contacto co galego e a adecuación metodolóxica e os logros dos estudos de contacto entre o castelán e o catalán. Mais tamén figuran no volume un estudo que mostra os resultados do contacto entre dúas linguas de tipoloxía diferente (o castelán e o éuscaro) e outro que explora o proceso de contacto entre variedades dunha mesma lingua (dialectos andaluces e castelán estándar). Da mesma maneira, os traballos do volume combinan a perspectiva cuantitativa coa cualitativa, a análise gramatical coa reflexión crítica, a descrición de fenómenos lingüísticos coa procura da súas raíces extralingüísticas.

Esta publicación mostra posibles análises de situacións de contacto en comunidades que nos son próximas cultural e xeograficamente no ámbito peninsular e lévanos a concluír, contra unha visión que propugna o monolingüismo como *normalidade lingüística*, que o contacto de linguas e variedades non é unha anormalidade, senón un feito inevitable.